



# CONCELLO DE RÁBADE

Praza do 28 de maio, s/n 27.370 Rábade – LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11

**(BOP 27 de Enero de 2006)**

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS RÚAS E A RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE.-**

### **Art.1.- Fundamento e natureza**

De conformidade co disposto no art. 2 e no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (BOE de 9 de marzo de 2004; c.e. BOE de 13 de marzo), o Concello establece e esixe a taxa pola entrada de vehículos a través das rúas e a reserva da vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, que se regulará pola presente Ordenanza e polo disposto na última Lei e pola Lei 25/98 do 13 de xullo.

### **Art.2.- Tarifa**

**1.- A contía da taxa reguladora nesta ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte:**

2.- As tarifas de taxa serán as seguintes:

- a) Vivenda unifamiliar e edificio de ata dúas vivendas a contía será de 45 euros anuais.
- b) Edificio de máis de dúas vivendas a contía será de 70 euros anuais.
  
- c) Garaxes en réxime de aluguer a contía será de 150 euros anuais.
- d) Garaxe público a contía será de 200 euros anuais.
- e) Negocios de ata catro metros, a contía será de 200 euros anuais.
- f) Negocios de máis de catro metros haberá que xustificar a necesidade, a contía será de 150 euros para cada metro liñal anuais.



# CONCELLO DE RÁBADE

Praza do 28 de maio, s/n 27.370 Rábade – LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11

## **Art.3.- Normas de Xestión**

1. As cantidades esixidas respecto ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán reducibles polos períodos naturais de tempo, sinalados nos respectivos epígrafes.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, realizar o depósito previo ó que se refire o Art. seguinte e formular declaración, acompañando con plano detallado da situación dentro do concello.
3. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferenzas coas peticións de licenzas; no suposto de que se desen diferenzas, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, a liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.
4. No caso de denegarse as autorizacións os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.
5. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.
6. A presentación da baixa subsrita a partir do día primeiro do ano natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obrigação de continuar abonado ó prezo público.

## **Art.4.- Obrigaçión de Pago**

1. A obrigaçión do pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace:
  - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública no momento de solicitar a correspondente licenza.



# CONCELLO DE RÁBADE

Praza do 28 de maio, s/n 27.370 Rábade - LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11

- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados: o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalado na tarifa.
2. O pago da taxa efectuarase:
    - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, polo ingreso directo na Caixa Municipal, con anterioridade á entrega da correspondente licenza.  
O ingreso efectuado terá, de conformidade co **Art. 47-1 da Lei 2/2004, de 5 de marzo**, carácter de depósito previo, elevándose a definitivo ó concederse a correspondente licenza.
    - b) Tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns de taxa por anos naturais en oficinas municipais.

## **Art. 5. Documentación e sinalización.**

Licenza para a entrada e saída de vehículos:

1. Está suxeito a licenza municipal o acceso de vehículos ó interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público. Cando supoña un uso privado ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto a todos os bens ou cando impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no espazo polo que se realiza o acceso.
2. A licenza de entrada de vehículos será concedida pola Xunta de Goberno Local ou pola Alcaldía dando conta esta última, segundo proposta dos servizos correspondentes.
3. O expediente de concesión de entrada de vehículos poderá iniciarse de oficio, logo da solicitude dos interesados que deberán presentar a documentación seguinte:

- A. Documentación acreditativa do propietario (escritura pública ou contrato de arrendamento).
- B. Plano de planta e número de prazas existentes por planta.
- C. Fotografía da fachada do inmovible.
- D. Metros de reserva da entrada que se solicita.



---

# CONCELLO DE RÁBADE

---

*Praza do 28 de maio, s/n 27.370 Rábade – LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11*

A autorización outorgarase logo de comprobar os documentos presentados e de contar co informe favorable dos servizos correspondentes.

#### 4. Sinalización de vaos:

Haberá dous tipos de sinalización:

- VERTICAL

Instalada na porta, fachada ou construción, consistirá nun disco de prohibición de estacionamento axustado ó modelo oficial, que será facilitado polo Concello logo de aboar as taxas correspondentes.

Este sinal constará:

- a) Número de identificación outorgado polo Concello.
- b) Os metros de reserva autorizados.
- c) A vixencia da licenza e o ano en curso.

- HORIZONTAL

Consiste nunha franxa amarela, de lonxitude correspondente ó ancho da entrada, pintada no bordo ou na calzada xunto ó bordo.

Non se permitirá en ningún caso colocar ramplas que ocupen a calzada. Os gastos que ocasione a sinalización descrita así como as obras necesarias correrán por conta do beneficiario, que estará obrigado a manter a sinalización, tanto vertical como horizontal nas debidas condicións.

#### **Art.6. Infraccións e procedemento sancionador**

Será de aplicación a Ordenanza Municipal de Circulación publicada no BOP nº 21, o día 27 de xaneiro do 2003, non garantindo o Concello o servizo de guindastre municipal salvo nos casos de extrema urxencia. A Ordenanza Municipal de Circulación quedará modificada pola presente Ordenanza nas partes nas que resulte contraditoria.

#### **Disposición final:**



---

# CONCELLO DE RÁBADE

---

*Praza do 28 de maio, s/n 27.370 Rábade - LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11*

Esta ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno na sesión celebrada o 15 de novembro de 2006 e entrará en vigor unha vez se publique o seu contido na forma e coas condicións que establece o punto 2º do artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e transcurra o prazo previsto no artigo 65 da mesma Lei.